

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DO ALUMEADO ORNAMENTAL E SON PARA AS FESTAS DO CORPUS CHRISTI 2023. Expte. 3681/2023** (Apertura e cualificación da documentación administrativa. Sobre único)

Na Casa do Concello, ás 10:13 horas do día 26 de maio de 2023, reúnen os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato para o subministro alumeado ornamental e son para as festas do Corpus Christi 2023, integrada por:

Presidenta: Yolanda Carballido Martínez administrativo da unidade de Contratación.

Secretaria: Angelina Carrera Márquez, administrativo de Secretaría.

Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal; Ana María Rial Acosta, interventora municipal e Víctor Manuel Míguez Novoa, administrativo de Secretaría, segundo o disposto na Resolución da Alcaldía nº 2023/0939 do 25 de abril de 2023.

O obxecto desta Mesa é analizar a alegación presentada por CREACIONES LUMINOSAS S.L,

O día 15 de maio de 2023, a mesa de contratación constatou que **CREACIONES LUMINOSAS S.L.** de Tui, presentou a súa oferta o día 10 de maio de 2023, ás 18:04 horas.

Que no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, a empresa CREACIONES LUMINOSAS SL, consta con causa de prohibición de contratar coas administración públicas vixente dende o 21 de abril de 2023 por non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social. Por isto, a mesa de contratación propuxo a súa exclusión do procedemento. A acta da mesa de contratación foi publicada o 19 de maio de 2023 na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O 22 de maio de 2023 a empresa CREACIONES LUMINOSAS S.L. presenta alegacións contra a súa exclusión indicando que a débeda causante da prohibición de contratar foi liquidada o día 3 de maio de 2023. Achega Certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social" positivo a día 10 de maio de 2023, mesmo día que a empresa presentou a oferta. Indica que o "CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA" do día 19 de maio de 2023, data de publicación da acta do órgano de asistencia na plataforma de contratacións do Estado, figura en negativo o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social pese a ser positivo este, xa que o día 10 de maio de 2023, momento de presentación da oferta, non existía débeda. Por último, achega "CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA" a día 22 de maio, sen que conste prohibición de contratar nin débeda.

O secretario municipal manifesta que para dar resposta ás alegacións hai que partir de que a cláusula 8.1 do prego de cláusulas administrativas particulares establece que están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena



capacidade de obrar, non se atopan incursas en ningunha prohibición de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP. E a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no artigo 140.4 que as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deberán **concorrer na data final de presentación de ofertas** e subsistir no momento de perfección do contrato.

Á vista dos certificados achegados por Creaciones Luminosas S.L. que acreditan non ter débedas coa Seguridade Social na data de presentación de ofertas, debe admitirse a alegación e admitir a súa oferta no procedemento de licitación. Este é o criterio do Acordo de 21 de xullo de 2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid, recurso nº 278/2022, que dispón:

*“ Puntualmente, cuando en el ejercicio de la habilitación del licitador, la mesa accede a la aplicación informática de Tesorería en fecha 29 de abril de 2022, tiene deudas con la Seguridad Social, cuya referencia consta en la certificación de 4 de mayo. La certificación acredita exclusivamente la situación del interesado en el momento de expedir la certificación (el 29 de abril), no en el momento pretérito de la licitación, siendo a estos efectos, y por lo que respecta al cumplimiento de las prohibiciones para contratar de los artículos 71 y 140.4 de la LCSP completamente ineficiente, no demostrando si está al corriente en fecha de licitación ni de perfección del contrato. En cambio, de requerir la documentación al propio licitador, él mismo se habría puesto al corriente, como hizo en 4 de mayo de 2022, pudiendo acreditar, además, que también estaba al corriente de pago en plazo de licitación.*

*La actuación de la mesa fue precipitada, no dando la oportunidad al licitador de acreditar estar al corriente de pago de sus obligaciones con la Seguridad Social.”*

Á vista do exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes con dereito a voto, acorda:

- estimar as alegacións presentadas por Creaciones Luminosas S.L. e admitir a súa proposición no procedemento de licitación.
- Deixar sen efecto a proposta de clasificación de ofertas e de adxudicación do contrato, realizada pola mesa de contratación o 15 de maio de 2023.
- Fixar nova clasificación de ofertas previa comprobación da existencia de temeridades, no seu caso.
- Propoñer adxudicataria no caso de que non existan temeridades.

De seguido compróbase que ningunha das empresas incorre en baixa temeraria polo que se procede a outorgar as seguintes puntuacións:



LICITADORES	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTOS
CREACIONES LUMINOSAS S.L.	9.900,00	100
SUARNAS SISTEMAS S.L.	10.450,00	94,74
DISTRIBUCIONES DALISA S.L	10.695,00	92,57
GILDO SONIDO S.L.	10.795,00	91,71

Á vista do resultado acadado a Mesa propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato para o SUBMINISTRO DO ALUMEADO ORNAMENTAL E SON PARA AS FESTAS DO CORPUS CHRISTI 2023, a favor da empresa CREACIONES LUMINOSAS S.L, conforme a súa proposta (Importe: 9.900,00 euros, sen IVE), previa presentación de:

**- DOCUMENTO DE GARANTÍA DEFINITIVA POR CONTÍA DE 495€ [5% do**

prezo de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido] por calquera das formas recollidas no punto 14 de prego de cláusulas administrativas particulares, debendo figurar no documento acreditativo o nº de expediente da licitación correspondente e o nome da mesma, así como:

**Avais e seguros de caución orixinais en papel:** só poden presentarse por persoas que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración. Serán depositados na tesourería orixinal.

Pode presentalos a persoa avalada ou a entidade avalista. Terán que vir acompañados de escritura de poderes, salvo que:

- conste no propio documento que foi bastantado por unha administración pública dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval, En calquera caso, terá que achegar declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados.

**Avais e seguros de caución electrónicos** (admítense diferentes opcións):

a) Non será necesario que presenten nada máis que o documento do propio aval ou seguro de caución cando este veña asinado electronicamente pola persoa apoderada/representante da entidade avalista e conste no propio documento que foi bastantado por unha administración pública dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval.

b) Se o documento non está bastantado dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval, será necesario que presenten os poderes a



bastanteo que realizará o secretario municipal, agás que o aval sexa presentado pola entidade avalista (sinatura do apoderado) propia.

No caso de que non sexa presentado pola entidade avalista, terán que vir acompañados de declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados.

c) Se o documento non está bastanteo, terá que achegarse escritura de poderes e declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados. Será emitido bastanteo por parte do secretario municipal.

**Si o licitador, realizase o ingreso da garantía en efectivo,** deberá solicitalo previamente a través do correo electrónico [contratacion@ponteareas.es](mailto:contratacion@ponteareas.es), indicando o nº de expediente da licitación e o nome da mesma.

- **SOLVENCIA ECONÓMICA** acreditarase por algún dos seguintes medios:

- Volume anual de negocios do licitador referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles. Abondará que nun dos tres exercicios se supere a contía de 17.396,70 euros, IVE non incluído. No caso de empresas cuxo período de actividade non abrangan os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da empresa, que deberá superar a contía de 17.396,70 euros, IVE non incluído. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- **SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL** acreditarase por algún dos seguintes medios:

Relación dos principais traballos relacionadas co obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, das mesmas, sendo necesario como mínimo ter realizadas obras por importe de polo menos 8.118,46 euros nalgún dos anos comprendidos nese período, que se acreditará con certificados expedidos polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, segundo o establecido no artigo 89 da LCSP.

No caso de que o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de servizos substituirase por Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida



certificarse a petición da entidade contratante e polos Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

E cando son as 10:20 horas, dáse rematado este acto do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

